



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZANOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

**Expte: 2022/G007/000043**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e quince minutos, do día dezanove de decembro de dous mil vinte e dous, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia e celebrase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

### **1º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA CONCESIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA PRAIA DA FROUXEIRA.-**

Dáse conta do expediente nº 2022/C006/000004, tramitado para a explotación do servizo da concesión da explotación da cafetería da praia da Frouxeira no Concello de Valdoviño; do que destacan os seguintes datos xerais:

**Administración contratante:** Concello Valdoviño

**Procedemento :** Aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación. (Art. 156 LCSP)

**Tramitación:** Ordinaria

**Tipo contrato:** Concesión demanial

**Vocabulario común contratos Públicos CPV.-** 55410000-7.- Servizo de xestión de bares

**Canon base licitación e valor.-** Prezo mínimo sen IVE: 3.070,49 euros. IVE.- Non suxeito.

Valor estimado: 9.211,47 euros

**Duración da concesión.-** Inicial: 3 anos. Máximo: 5 anos

Antecedentes obrantes:

- .- Informe valoración: Canon de concesión do servizo da cafetería en praia Frouxeira, base para elaboración pregos.
- .- Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
  - .- Providencia Alcaldía apreciando necesidade do servizo e dispoñendo o comezo dos trámites administrativos para a contratación.
- .- Memoria de Alcadia xustificativa do contrato.
- .- Informe de secretaría e informe da interventora municipal.
- .- Aprobación expte. Contratación da explotación, aprobación pregos e resolvendo publicación en acordo Xunta Goberno Local de data 8.09.2022

- Anuncio licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.
- Mesa Contratación para apertura cualificación administrativa.
- Mesa Contratación para apertura sobre características técnicas, con informe valoración das mesmas por técnico competente.
- Mesa Contratación sobre apertura ofertas económicas, acto público, onde se da conta do informe técnico.

CONSIDERANDO o informe de avaliación das memorias técnicas que contén a proposición do licitador elaborado por técnico competente, así como a valoración económica, resultados que constan expresados en acta de sesión da Mesa de Contratación.

CONSIDERANDO que a proposta da Mesa da Contratación foi aceptada pola Xunta de Goberno Local, coma órgano de contratación en sesión de data 24 de novembro/2022, así coma as puntuacións obtidas polo licitador, que se expresan no seguinte cadro resumo:

Licitador	Puntuación Sobre B.- Características técnicas	Sobre C.- Oferta económica puntuación	Total puntuación
OCEAN JOBS CORPORACION S.L	23	Oferta.- 6.070,49€ Puntuación: 60	83

Que conforme ao acordado en sesión Xunta de Goberno local antedita, notificouse ao candidato para a presentación dos documentos precisos para poder serlle adxudicado o contrato (nº saída 202200000002671), que consta aceptada polo interesado.

Verificada a existencia dos correspondentes certificados emitidos sobre non débedas do candidato coa Administración local de Valdoviño.

Presentada polo interesado documentación e documentación complementaria previa á adxudicación, que queda incorporada ao expediente de tramitación.

Visto o correspondente informe da interventora municipal de referencia 53/2022 (nº EMP 119/2022) de data 19.12.2022, que resultou desfavorable con reparo suspensivo e sendo competente o alcalde para resolver a discrepancia, éste levanta o reparo mediante resolución de data 19.12.2022 e indica a continuación do procedemento para a adxudicación.

Sendo esta contratación competencia da Alcaldía (DA 2ª da LCSP), máis tendo delegada dita competencia na Xunta de Goberno Local por decreto nº 219/2019 de 25 de xuño,

Nesta sesión de 19.12.2022, a **Xunta de Goberno Local**, en virtude da competencia delegada e tomada conta dos antecedentes expostos, **en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, ACORDA:**

**PRIMEIRO.**-Adxudicar o contrato de concesión demanial para o servizo da explotación da cafetería da praia da Frouxeira segundo se indica:

**Adxudicatario.**- NIF: B70609086 OCEAN JOBS CORPORACION SL

**Canón anual:** 6.070,49 euros. (non suxeito a IVE)

O pagamento realizarase no xeito indicado na cláusula vixésimo primeira do prego de cláusulas administrativas tendo en conta que a elección do concesionario segundo os pregos satisfarase con carácter mensual, trimestral ou anualmente; circunstancia que deberá quedar explicitada en documento administrativo no que se formalice a concesión.

**Duración.**- 3 anos inicialmente e un máximo de 5 anos.

**SEGUNDO.**- A concesión para a explotación implica a realización de obras de acondicionamento do edificio e espazos ofrecidos pola Administración ao licitador que aparecen descritos no Pregos de prescripcións técnicas:

- “- Realización das seguintes obras de acondicionamento do edificio:
- Reparación do pavimento exterior da terraza, con reposición do 25% do material.
  - Reparación do revestimento da estrutura e carpintería de madeira, mediante a retirada do acabado de pintura actual, lixado de superficie e posterior limpeza, preparación e formación de capa de lasur ao auga para exteriores.
  - Reposición de elementos deteriorados de revestimento de fachadas.
  - Reposición de celosía de madeira en fiestras de fachadas.
  - Reposición de elementos deteriorados de revestimento interior de taboleiro de contra chapado.
  - Reposición de tabique interior en separación de cociña con taboleiro contra chapado y porta de acceso.
  - Reposición de mobiliario de cociña y fregadeiro.
  - Limpeza final de obra”.

O adxudicatario deberá cumprir co especificado no prego de cláusulas administrativas particulares, e co prego de prescripcións técnicas e coa súa oferta, desenrolando a actividade ademais de conformidade co proxecto básico das instalacións e co proxecto de xestión da explotación de local, que serviron de base para serlle puntuado e finalmente adxudicada a concesión.

**TERCEIRO.**- Aos efectos de efectuar seguimento das actuacións do adxudicatario, nomease á concellería de servizos e no seu caso ao delegado ou delegados de ditos servizo, sen perxuízo da posible supervisión e revisión das obras por técnicos municipais.

**CUARTO.**- Notificar o acordo á entidade que resultou adxudicada e procedase á formalización e sinatura do contrato (non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a contar dende a notificación da adxudicación) e posteriormente confeccionese acta de inicio do servizo que deberá contar anexada relación dos bens municipais postos a disposición do adxudicatario.

**QUINTO.**- Publíquese a adxudicación e faiganse os demais documentos precisos referentes ao expediente.

## 2º.- PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCIZO 2023. –

### **INFORME – PROPOSTA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCIZO 2023**

Paula Fernández Dopazo, Traballadora Social do Concello de Valdoviño (Colexiada 2116) en relación coa convocatoria de subvencións do Programa de Financiamento de Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2022 (BOP nº 225 do 28.11.22)

#### **INFORMO:**

- Que segundo a base 13 da convocatoria o Concello de Valdoviño ten previstas as seguintes contías de financiamento, recollidas como achegas máximas, por parte da Deputación Provincial de A Coruña para o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios para o exercizo 2023:
  - a. Módulo I (Persoal administrativo grupo C1 ou C2): 18.000 euros.
  - b. Módulo II (Persoal técnico A2): 22.000 euros.
  - c. Horas concedidas SAF libre concorrencia (4.200 horas): 50.400 euros.
- O financiamento solicitado á Deputación Provincial para o exercizo 2023, e incluído na correspondente solicitude, é de 90.400 euros para o total dos conceptos indicados arriba.

#### **PROPOÑO**

Á xunta de Goberno Local a aceptación do seguinte contemplado nas bases:

- Aceptar as bases da convocatoria, do **Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2023**, así como os compromisos e obrigas que nela se inclúen.
- **Adherirse ao PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCIZO 2023**, de acordo coas bases do Programa e co detalle que se recolle no cadro de orzamento e financiamento previstos achegado coa solicitude.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

A Traballadora Social

Asdo. Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116)

O sr. Alcalde, facendo súa a proposta anterior sometea consideración da Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

**A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da dita adhesión, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros.**

## 3º.- EXPEDIENTE DE INICIO DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO POR MUTUO ACORDO DA OBRA “PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE”.-

## EXPEDIENTE DE INICIO RESOLUCIÓN DE CONTRATO POR MUTUO ACORDO DA OBRA “PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE”.

A vista do contrato de obras: Proxecto completo de edificación de vestiarios para o campo de fútbol municipal de Mourente.

Á vista dos seguintes antecedentes:

A obra licitouse cun procedemento de contratación aberto, cun único criterio de valoración que foi o factor prezo e tramitación ordinaria.

Adxudícase en Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 08.04.2021 a empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. por un importe de 90.394,99 € (prezo sen IVE) , 18.982,95 € (IVE); un Total de 109.377,94 €. O prazo de execución: 4 meses.

En data 13.12.2022 co núm. de rexistro de entrada 202299900001873 recíbese solicitude da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. para a resolución do contrato por mutuo acordo pola inflación xerada no país pos-pandemia non lle é viable nin coa revisión de prezos.

Examinada a documentación que acompaña, e de conformidade co establecido nos artigos 190, 191 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, do Contrato do Sector Público, polo que se traspoñen o ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014,

PRÓPONSE á Xunta de Goberno Local, adoptar os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.**- Incoar o procedemento para acordar, se procede , a resolución do contrato da obra referida. O que conleva aos efectos correspondentes de conformidade co establecido nos artigos 213 e 246 da LCSP.

**SEGUNDO.**- Que polo director de obra se emita informe sobre os feitos que poden ser causa da resolución do contrato así como sobre os efectos da mesma.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE”

**A anterior proposta de Alcaldía quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros.**

### **4º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/53.-**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local, das facturas da relación, do informe de intervención e da seguinte proposta de Alcaldía sometendoa o sr. Alcalde a votación para a súa aprobación:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Conforme relación de facturas confeccionada polos Servizos Económicos do Concello de Valdoviño baixo o número F/2022/53 e remitida a Intervención municipal, a contía total da mesma ascende a SETENTA E SETE MIL CENTO QUINCE EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (77.115,78 €). Neste senso, as 3 facturas que integran a relación de facturas núm. F/2022/53 figuran como anexo á proposta efectuada. Visto o Informe de Intervención n.º EMP 127/2022 con resultado de fiscalización favorable con observacións emitido en data 16 de decembro do 2022.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

### **PROPOÑO**

**Primeiro.-** Aprobar a relación de facturas F/2022/53 segundo a relación confeccionada polos servizos económicos do Concello de Valdoviño.

**Segundo.-** Autorizar o correspondente pagamento da devandita relación de facturas por importe de SETENTA E SETE MIL CENTO QUINCE EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (77.115,78 €).

Mándao e asínao dixitalmente o Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada a marxe/”

**A Xunta de Goberno Local, por votación ordinaria e unanimidade procedeu a aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.**

Visto que o punto 5º da convocatoria efectuada para esta sesión non procede, por ter carácter extraordinario, pola Presidencia retirase este punto da Orde do Día.

Remata a sesión ás nove horas e trinta minutos quedando levantada polo sr. Alcalde; da que se estende a presente acta que como Secretaria, CERTIFICO .

Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/

